

O SUPERVIVENTE DO 73

Ola.

Chámome Manuel González, máis coñecido como o supervivente do 73 e vouvos contar a miña historia. Todo comeza en Milán, Italia, nunhas vacacións de soño. Volvía da miña viaxe despois de percorrer todas as rúas de Milán. Recordo perfectamente o que tiña pensado facer no avión de cara á Coruña. Ía coller o meu caderno, un lapis, unha cámara e ía fotografar e escribir todo o que vira a través da ventá do avión. Era perfecto, ía un día de agosto estupendo, a paisaxe parecía sacada dun conto de fadas e a miña imaxinación, estaba máis implicada que nunca. Debuxaba unha nube pola que sobrevoabamos nese mesmo intre, cando o piloto, comezou a recitar unhas palabras a través dos megáfonos. “Dentro de catro minutos, pasaremos a fronteira entre Italia e Austria, acaban de informar que unha tormenta se está aproximando”. Non daba crédito e non podía parar de pensar o feito daquela transformación, pasar dunha boa mañá chea de sol, a unha chea de tormenta, non era o mellor que podía acontecer.

Un pouco desesperado polo estado do avión durante o mal tempo, gardei a miña libreta, o meu lapis e a miña cámara e tratei de caer nun profundo soño. Tiña xa os ollos pechados, a piques de quedar durmido, igual que a inmensa maioría dos pasaxeiros, cando una voz feminina advertiu polo megáfono: “a fronteira, foi atravesada”. Poucos segundos despois, as luces do avión quedaron apagadas e as 86 persoas que tínhamos a intención de chegar á casa, reflectimos unha mestura de medo e pavor nos nosos rostros. Un anaco despois, xa estabamos máis tranquilos, agardando pola volta das luces. Pero en vez dunha iluminación branca e esperanzada, todas as luces do avión volvéronse vermellas e un leve son de alarma, que proviña de cabina dos pilotos, comezou a soar. Ninguén sabía o que acontecía, ata que unha azafata puxo os seus pés na metade do corredor, e informou a todos os pasaxeiros que a tormenta era moito máis forte do esperado, que mantivésemos a calma e tamén explicou unhas cantas normas de seguridade que poñeríamos en práctica nun caso de perigo.

Non hai palabras para describir o que sentín no momento en que o avión fixo unha especie de pinchacarneiro á vez que se movía cara todas as direccións. Ao mellor si que teño unha idea de como contalo. Sentín o corazón na gorxa. Sentín o fígado na cabeza e o cerebro no pé. Parecía como se o meu corpo non tivera sentido. Entre berros e máis berros, o transporte logrou erguerse de novo e así continuar a viaxe. As turbulencias pararon e

conseguín conciliar o sono. Chegamos a Alemaña, onde non se prevían tormentas, atravesamos unas cantas nubes e xa estaba anoitecendo.

Na cea, as azafatas eran as encargadas de servir a comida. Notábaselles o medo nas caras. Eu por suposto tamén o tiña, pero sempre fun unha persoa que prefire gardar os seus sentimentos e non mostralos os demais, entón, por moito que estivera ocorrendo, ninguén notaría o terror nos meus ollos.

Percorrer Alemaña foi un camiño tranquilo e cheo de pensamentos xa que non podía pasar por alto o que ocorrera nas últimas doce horas. Á medianoite, anunciaron que estabamos a piques de atravesar a fronteira de Alemaña a Francia.

O único que desexaba naquel intre era que o resto da viaxe, fose normal, sen precaucións nin tormentas. Quedei profundamente durmido. Espertei ás cinco e media da mañá, cando xa íamos chegar a España, iso era unha boa nova, a mala era que nos esperaba a parte máis perigosa de toda a viaxe. Non podía durmir, só podía pensar no que acontecería as seguintes horas. Miraba pola ventá e o único que vía eran casas que parecían de xoguete, edificios que semellaban unha torre do xadrez e campos que eran como parches para poñer no pantalón. E unha masa negra que se vía moi lonxe pero a medida que pasaban os segundos aproximábase máis ata que a tiñamos enriba. Unha tormenta. O megáfono comezou a soar dicindo que comprobásemos os cintos de seguridade en todos os idiomas. Agora mesmo comparo os meus botes no asento cos botes que dan os nenos pequenos nas atraccións das festas. Unha vez máis sentía que o meu corpo non tiña orde. Pero esta vez moito máis forte. Ninguén sabía que facer, o único que fixen foi pechar os ollos, respirar profundamente e esperar a que todo o que estaba acontecendo pasara dun momento a outro. Era imposible relaxarse como a azafata indicou momentos antes cos berros dos demais pasaxeiros e a alarma soando repetidamente o que estaba a conseguir era que os meus nervios saísen disparados polos aires. O tempo parecía non pasar, pensaba que levaba tres días cos ollos pechados e dando botes no meu asento.

Por fin, o meu corpo volveu a estar establecido e os berros pasaron a ser bágoas de desesperación. A tormenta xa pasara pero coa néboa era moi custoso ver cara a onde ir. A piques de chegar ao aeroporto este fenómeno interpúxose no noso camiño e os pilotos nos vían cara a onde ían, cando pasou. Pasou o que máis temera que pasara, chocamos con algo, non sei o que, pero era algo moi alto e grande, cando comecei a notar unha leve brisa na parte de atrás, cando xirei a cabeza, o que vin foi unha imaxe que perdurará na miña mente para sempre. O avión estaba partido á metade. Mulleres cos seus fillos, avós coas súas esposas, homes e mulleres... caeron ao baleiro e xunto eles, os motores.

Ao caer os motores o que fixo a outra metade do avión foi caer a gran velocidade directa ao chan. Cando dixen que pasara o que pasara nunca se vería o medo reflectido no meu rostro, nunca cheguei a pensar nunha situación así. A miña cara expresaba de todo, todo o malo. Fixen toda a forza que puiden coas miñas mans para suxeitarme no repousabrazos. O último que recordo foi a miña cara dando un golpe co asento de diante.

Non sei canto tempo pasou, pero espertei, o escenario no que estaba foi o peor escenario que vin na miña vida, todo cuberto de sangue e pasaxeiros con graves feridas tirados polo chan. O primeiro que fixen foi saír ver onde estaba, saín como puiden, a miña perna tiña una ferida aberta que non pintaba nada ben. Coas últimas forzas, observei o lugar onde estaba. Atopábame en Montrove, no Pazo do Río. Este lugar fora un ao que eu viña cando me sentía frustrado. Viña aquí e escribía todo o que acontecía, para despois deixar que a miña muller lera o que vivín. Odiaba ver este pazo cheo de fauna e flora feito un gran desastre. O castelo, as fontes, as casas...todo estaba esnaquizado. Tiña intriga por saber se alguén máis sobrevivira ao accidente. Parecía que non. Tomei as constantes de todos os corpos que atopaba polo que quedaba de avión, pero ningún parecía dar bos resultados. Non daba crédito. 86 persoas viaxabamos nese avión e tan só eu sobrevivira. Minutos despois escoitei chegar medios como médicos, bombeiros, xa que se prendera lume, e a policía. Do impacto, centos de veciños chamaron en busca de axuda e entre eles a miña familia. Por moitas preguntas que a policía me fixera ou moitas curas que os médicos realizasen, eu tan só quería ver a miña muller, as miñas fillas e o meu fillo.

Cando os vin de lonxe, a dor non importaba, fun o máis rápido que puiden darlles unha aperta coas poucas forzas que tiña. Algúns chaman á miña supervivencia un milagre, eu tamén o creo. Saín nos xornais, na televisión e en todos os lugares onde poidas imaxinar. Aos 84 anos, por fin conto como foi o accidente do 13 de agosto de 1973 dende o meu punto de vista.